

TEXTO 6

Sempre me fascinou imaxinar aquela incerta circunstancia en que os nosos antepasados, apenas diferentes aínda do animal, recén nada a linguaxe que lles permitía comunicarse, empezaron, nas cavernas, ao redor das fogueiras, en noites cheas de ameazas –raios, tronos, gruñidos das feras–, a inventar historias e a contalas. Aquel foi o momento crucial do noso destino, porque, nesas roldas de seres primitivos suspensos pola voz e a fantasía do contador, comezou a civilización, o longo transcorrer que aos poucos nos humanizaría e nos levaría a inventar o individuo soberano e a arrincalo da tribo, a ciencia, as artes, o dereito, a liberdade, a escrutar as entrañas da natureza, do corpo humano, do espazo e a viaxar ás estrelas. Aqueles contos, fábulas, mitos, lendas, que resoaron por primeira vez como unha música nova ante auditorios intimidados polos misterios e perigos dun mundo onde todo era descoñecido e perigoso, deberon ser un baño refrescante para os que existir quería dicir apenas comer, gorecerse dos elementos, matar e fornicar. Desde que empezaron a soñar en colectividade, a compartir os sonhos, incitados polos contadores de contos, deixaron de estar atados á nora da supervivencia, un remuíño de quefaceres embrutecedores, e a súa vida volveuse soño, goce, fantasía . Ese proceso nunca interrompido enriqueceuse cando naceu a escritura e as historias, ademais de escoitarse, puideron lerse e alcanzaron a permanencia que lles confire a literatura. Por iso, hai que repetilo sen tregua ata convencer diso ás novas xeracións: a ficción é máis que un entretemento, máis que un exercicio intelectual que aguza a sensibilidade e esperta o espírito crítico. É unha necesidade imprescindible para que a civilización siga existindo, renovándose e conservando en nós o mellor do humano. Para que non retrocedamos á barbarie da incomunicación e a vida non se reduza ao pragmatismo dos especialistas que ven as cousas en profundidade pero ignoran o que as rodea, precede e continúa. Para que non pasemos de servirnos das máquinas que inventamos a ser os seus serventes e escravos. E porque un mundo sen literatura sería un mundo sen desexos nin ideais nin desacatos, un mundo de autómatas privados do que fai que o ser humano sexa de verdade humano: a capacidade de saír de si mesmo e mudarse noutro, noutros, modelados coa arxila dos nosos sonhos.

Da caverna ao rañaceos, do garrote ás armas de destrución masiva, da vida tautolóxica da tribo á era da globalización, as ficcións da literatura multiplicaron as experiencias humanas, impedindo que homes e mulleres sucumbamos ao letargo, ao ensimismamento, á resignación. Nada sementou tanto a inquietude, removeu tanto a imaxinación e os desexos, como esa vida de mentiras que engadimos á que temos grazas á literatura para protagonizar as grandes aventuras, as grandes paixóns, que a vida verdadeira nunca nos dará. As mentiras da literatura vólvense verdades a través de nós, os lectores transformados, contaminados de anhelos e, por

culpa da ficción, en permanente interdito coa mediocre realidade. (...). Por iso temos que seguir soñando, lendo e escribindo, a máis eficaz maneira que atopamos de aliviar a nosa condición perecedoira, de derrotar a couza do tempo e de converter en posible o imposible.

Fragmento do discurso de Vargas Llosa recollendo o Premio Nóbel de Literatura Estocolmo, 7 de decembro de 2010

1. Fai un resumo do texto onde recollas as ideas fundamentais.
2. Di o significado das palabras subliñadas no texto e fai unha oración con cada unha. Podes buscar o significado no dicionario. Fíxate que sexa o significado axeitado ao contexto.
3. REDACCIÓN: Compartes a visión da literatura que transmite o autor? Dá os teus argumentos a favor ou en contra.